



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica – A Coruña  
Teléfono 981183969 – Fax 981183679  
Email coruna@cigtelefonica.com  
www.cigtelefonica.com

## Pleno do Comité Nº 2 - 25 de maio de 2007

### **Orde do día:**

#### **Actas**

#### **Informe das Comisións**

#### **Varios: (presentados no propio día e tratados ó inicio do pleno)**

- Propostas de resolución sobre Comercial de CIG
- Proposta de resolución sobre Comercial de CCOO – UGT
- Proposta de resolución sobre traballadores de Seguridade de UGT

ooooooooooooOoooooooooooo

### **Actas:**

Apróbase a acta Nº 1 do pleno de 20 de Abril, coa modificación proposta por CIG e acórdase a proposta de STC de engadirlle os nomes completos dos integrantes electos, membros de prevención e delegados sindicais, irá en anexo.

### **Informe das Comisións:**

#### **Comisión de Seguridade e Saúde Laboral**

*Infórmase de que a próxima xunta será o martes 29 de Maio.*

Coméntase a decisión da empresa de comunicar ó Presidente do Comité de Empresa para que el traslade a comunicación.

#### **Comisión de Formación**

*Segue sen existir como tal e seguirase a solicitar a información na Comisión de Xestión.*

#### **Comisión de Xestión**

*Infórmase do tratado na xunta do pasado día 11 de Maio.*

*Loxística: Asistiron por parte da empresa Carlos Rodríguez Vázquez, Peñasco (Coordinaor de Loxística), Ricardo Picón, Luis Enrique e Díaz Gay; tratouse o peche do almacén de Pocomaco previsto para o 22 de Xuño e a recolocación do persoal alí acoplado formado por 10 traballadores e un máis que ten previsto prexubilarse.*

*En Galicia está previsto que quede como único almacén o de Vigo e en cada provincia haberá un ARI, o de A Coruña está previsto que se ubique en Montaña.*

Os Operadores de Almacén recibirán formación de OAPS e se fixeran as funcións, irán un tempo acompañados.

O Encargado recibirá o curso de Encargado de Redes que hai previsto.

Pola parte social solicitouse que á hora das reubicacións se teña en conta os cambios de acoplamento solicitados.

Incorporación de persoal de TDATA: infórmase da incorporación dunha compañeira procedente de Tdata como Enxeñeiro de Explotación en Soporte Técnico ás CGP na Dirección de Operacións de Empresas dependente de Madrid directamente e que non aparece na última estrutura entregada pola empresa. Fíxose escrito solicitando máis información e unha estrutura que recolla a modificación que afecta á provincia.

A empresa informa sobre as dúas persoas que traballaban en Riazor, polas que se lle tiña solicitado información. Era persoal que traballaba para a contrata Digitex e xa non están contratados.

#### **Varios:**

- Antes de empezar coa Orde do día prefixado trátanse as propostas presentadas no propio día acordándose intentar refundir as 3 propostas relativas a Comercial nunha soa na próxima Permanente do venres 1 de Xuño e se hai unanimidade sacárase como Resolución do Comité, de non habela convocárase un Pleno Extraordinario para o Martes 5 de Xuño pois de deixalo para o Pleno ordinario, estaríamos case nas vacacións.

- Sobre a proposta de UGT relativa ós traballadores de Seguridade, unha vez comentado o tema e abundando nas prácticas do responsable de seguridade A. Fidalgo, a proposta parece moi suave e acordan retirala para presentala modificada na Permanente.

Proposta presentada pola CIG:

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PRESENTADA POLA CIG:**

#### **RESOLUCIÓN DO COMITÉ DE EMPRESA DA CORUÑA**

O Comité de Empresa de A Coruña en pleno celebrado o 25 de Maio de 2007 acorda sumarse ás peticións que se lle están facendo á empresa dende outras plataformas de Residencial e facer constar que é necesario eliminar a presión aos compañeiros do 1004 que están a repercutir negativamente na súa saúde.

Na Mesa de Comercial celebrada o 17 de Maio a empresa xa fala de facer algúns cambios pero pensamos que son insuficientes para acabar co empeoramento do clima laboral en Comercial, polo tanto,

Solicitamos da empresa:

1. A supresión dos parámetros FCR e Locución de Comprobación, que non están servindo para aumentar a calidade de atención senón para incidir na presión e na carga mental dos ASC.
2. Eliminar o obxectivo de OPV, que é excesivo .Ó importante non é cantas chamadas se atenden senón con que calidade se fai.
3. Recuperar a formación de 120 minutos semanais. As reunións individuais, o "coaching", non se poden considerar formación senón un seguimento individual de resultados.
4. Cambiar o sistema actual de incentivos. Os incentivos teñen que ser directos, entendibles, alcanzables e non modificables durante o exercicio. É a única maneira de que sexan motivadores.

A Coruña a 25 de Maio de 2007